



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA



NOTA DE PRENSA

PRESENTACIÓN DA EXPOSICIÓN TEMPORAL *O LEGADO DE EMILIA PARDO BAZÁN* *NO MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA*

ORGANIZA: Museo de Belas Artes da Coruña

PATROCINA: Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

LUGAR: Sala 5 do Museo de Belas Artes da Coruña

DATA: Xoves, 21 de outubro de 2021

HORA: 10:30 h

A EXPOSICIÓN

A exposición trata de dar a coñecer os obxectos pertencentes ao legado da familia de Emilia Pardo Bazán por medio dunha singular intervención arquitectónica instalada na sala dedicada á pintura de finais do século XIX e principios do século XX do Museo de Belas Artes da Coruña. A mostra complétase con outros fondos da propia colección do Museo que permiten recrear o que foi a vida coruñesa da época da célebre escritora e os ambientes e personaxes que tiñan relación con Dona Emilia.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



Xacobeo 21-22



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

CONTIDO DA EXPOSICIÓN

O Museo de Belas Artes conserva un conxunto de obxectos que pertenceron a Emilia Pardo Bazán.

No ano 1946 a filla da escritora, María de las Nieves Quiroga y Pardo Bazán, marquesa viúva de Cavalcanti, doa ao Museo un retrato de Dona Emilia pintado por Xesús Corredoyra e un conxunto de 215 moedas que abarcan desde o período romano ata o século XIX.

En 1950 o director do Museo José Seijo Rubio quere ampliar a colección con testemuños de coruñeses ilustres e solicita a María de las Nieves Quiroga y Pardo Bazán ampliar a doazón cunha serie de obxectos persoais da escritora: Un retrato de Emilia Pardo Bazán pintado por Joaquín Vaamonde, unha escribanía de despacho cunha pluma, o misal que usou o día do seu matrimonio, un estoxo que contén unha plumilla de ouro e un manuscrito autógrafo de contido artístico.

Completa esta relación de obras ligadas a Emilia Pardo Bazán un tapiz antigo que se incorporou aos fondos do museo mediante o Legado testamentario no ano 1968 de María Estaban Collantes y Sandoval, irmá da esposa do fillo de dona Emilia. Este Legado testamentario tamén contén un retrato da condesa de Torre de Cela, esposa de Jaime Quiroga y Pardo Bazán.

Obxectos doados por María de las Nieves Quiroga y Pardo Bazán, Marquesa Vda. de Cavalcanti

Retrato de Emilia Pardo Bazán. Óleo/lenzo. Xesús Corredoyra, 1915

Retrato de Emilia Pardo Bazán. Pastel/papel. Joaquín Vaamode, 1896

Manuscrito sobre Goya. Emilia Pardo Bazán. 1900-1904

Escribanía. Prata. Prateiro: Domingo Antonio de Castro. 1808

Pluma. Prata e ametista.. Século XIX

Misal. Editor : A. Laplace, 1866

Estuche (con plumilla no interior). Xoieiros: Masriera Hermanos, c. 1895-1915.



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

**Obxectos doados por María Esteban-Collantes y Sandoval .
Condesa de Esteban-Collantes (Irmá da nora de E. Pardo Bazán)**

Retrato da Condesa de Torre de Cela. Pastel/papel. Joaquín Vaamode, 1897.
Trátase de Manuela Esteban-Collantes y Sandoval, esposa de Jaime Quiroga y Pardo Bazán.

Tapiz. Speculum Humanae Vitae. Liño, lá, seda,c. 1590-1630

A mostra complétase cos outros fondos da colección do Museo vinculados á obra literaria de Emilia Pardo Bazán, á súa vida na Coruña e ás súas amizades:

A cidade do seu tempo. A describe na súa obra literaria *Marineda*.

Puerto de A Coruña (Martínez Abades), 1896

Vista de A Coruña (Ferrant Fischermans), 1891

Relación con personaxes coruñeses

Retrato de D. Ramón Pérez Costales. Joaquín Vaamonde, 1897

Fotografía de Marcial del Adalid e a escritora Fanny Garrido

Partitura de Marcial del Adalid, 1877

Plancha de cinc para impresión de partitura de Marcial de Adalid co texto de poesía de Fanny Garrido

Xardín do Pazo de Marcial del Adalid. Francisco Lloréns. Óleo/lenzo, 1918

Retrato do naturalista Juan Lembeye y Lartaud, Francisco Sobrino. Óleo/ lenzo, 1864

Fotografía da Inauguración da Exposición de Arte Gallego, A Coruña, 1917.
Palacio de María Pita. (Emilia con pintores, escultores e periodistas) 1917.

Abano con dedicatoria á súa nora. 1920

Poesía de Blanca de los Ríos. 1950





MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

CARTELAS COMENTADAS

Joaquín Vaamonde

A Coruña, 1871- Meirás, A Coruña, 1900

Retrato de D. Ramón Pérez Costales

1897. Óleo/Lenzo

Doazón. Consuelo Eiroa Rama

Inv. 2637

Pérez Costales, figura de gran relevancia na sociedade coruñesa de finais de século, é o médico persoal da familia Pardo Bazán. En 1883 formou parte da Comisión organizadora da *Sociedade do Folk-Lore Galego* fundada e presidida por Emilia Pardo Bazán e da que el é Vicepresidente.

A amizade e admiración que a escritora profesa por Pérez Costales maniféstase no prólogo que escribe para o seu poema *Perucho* (1887), onde eloxia as súas preocupacións científicas, a súa práctica altruísta da medicina, as súas firmes conviccións políticas e o seu labor humanitario. Trazos que inspiran á novelista para crear o semblante do personaxe Doutor Moragas. Figura novelada en varias das súas obras e coa que aborda temas candentes da época.

Alejandro Ferrant Fischermans

Madrid 1843- Madrid 1917

Vista de A Coruña

1891. Óleo/Lenzo

Doazón. Fillos de A. Ferrant Fischermans

Inv.1899

Ferrant plasma nesta vista de A Coruña unha visión realista do espazo urbano e a súa periferia mostrando enclaves identitarios e elementos testemuñais dunha época de progreso emerxente e desenvolvemento fabril.

Emilia Pardo Bazán tamén escolle a súa cidade natal, renomeada ficticiamente Marineda, como escenario xeosocial para ambientar a trama de cinco novelas e numerosos contos, nas que desentraña a súa morfoloxía urbana e as súas interconexións socioeconómicas. Un exemplo testemuñal especial é a súa novela *La Tribuna*, onde explora por primeira vez o tema laboral a través do protagonismo das cigarreiras na emblemática Fábrica de Tabacos, e onde describe a vida dos barrios populares e da burguesa Marineda.





MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

Juan Martínez Abades

Gijón 1862- Madrid 1920

Porto de A Coruña

1896. Óleo/Lenzo

Inv. 5337

Os ámbitos artístico e literario ás veces converxen ao perpetuar partes dunha cidade. É o caso desta pintura ao óleo que reproduce un recuncho amurallado de A Coruña. Cidade renombrada como *Marineda* nas novelas da escritora seguindo a tendencia da novelística española da época, empregada por Clarín para dar á cidade de Oviedo o nome ficticio de *Vetusta* ou Galdós á hora de crear cidades ficticias como *Orbajosa*.

Nas proximidades deste enclave pictórico está a rúa Tabernas onde a escritora pasou a súa infancia e mocidade. E, o marco espacial dunha parte da trama da súa novela *La piedra angular*, que inclúe entidades e itinerarios percorridos polos seus protagonistas como a Audiencia, Capitanía, o antigo Cárcere, a praza da Forza ou a rúa do Faro.

